



ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DE
FERROL

II. PROXECTO DA ACTIVIDADE

PROGRAMA DE INFORMACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS SOBRE IGUALDADE, PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO, DELITOS SEXUAIS E DELITOS NAS REDES SOCIAIS	ANO	IMPORTE
ENTIDADE: COLEXIO DE AVOGADOS DE FERROL NIF Q1563002C. Representante Don Luis Eduardo Torres Foira con DNI 32604859J	2025	700

PROXECTO DA ACTIVIDADE

DENOMINACIÓN: PROGRAMA DE INFORMACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS SOBRE IGUALDADE, PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO, DELITOS SEXUAIS E DELITOS NAS REDES SOCIAIS

DESCRICIÓN (programación a desenvolver):

O Colexio de Avogados de Ferrol propón un plan formativo en materia de "*igualdade, prevención de violencia de xénero, delitos sexuais e delitos nas redes sociais*" para alumnos de Ensinanza Primaria e Secundaria do Concello de Cedeira.

As charlas levaranse a cabo por medio de letrados/as adscritos ao Colexio de avogados de Ferrol, con formación en igualdade e delitos sexuais, adscritos ao turno de Violencia do devandito Colexio e con experiencia en formación.

Trátase de ensinar á rapazada unha visión xenérica sobre os problemas que a desigualdade de xénero provoca na sociedade e das consecuencias que dito reflexo cando se enfoca na comisión de condutas lectivas cometidas por maiores de 14 anos, convértense en actuacións punibles.

Os talleres que se impartirán ós nenos de Educación Primaria e Educación Secundaria son diferentes xa que o contido será adaptado á idade dos participantes.

A formación en materia de violencia de xénero debe acomodarse ás diferentes etapas da vida, desde a infancia á idade adulta, cun enfoque preventivo e educativo que aborde os diferentes tipos e manifestacións da violencia. Isto inclúe contido específico para nenos e adolescentes, considerando as súas necesidades e contextos particulares.



**ILUSTRE COLEXIO DE ABOGADOS
DE
FERROL**

Ultimo ciclo de EP:

Integraranse contidos relacionados co fomento da igualdade, o respecto e a resolución pacífica de conflitos. Trataranse conceptos básicos sobre relacións saudables e identifícanse comportamentos violentos ou abusivos.

ESO:

Formación máis específica sobre os tipos de violencia de xénero, incluíndo a violencia sexual e dixital. Abordaranse temas como o consentimento, a presión de grupo, as relacións tóxicas e o ciberacoso. Trátase de promover o desenvolvemento de habilidades para a comunicación asertiva, a xestión emocional e a prevención da violencia

OBXECTIVOS :

Os obxectivos da formación son dobres, por un lado, que a rapazada acade unha visión global da desigualdade de xénero imperante na sociedade, e coñezan as principais condutas delitivas no seu ámbito ordinario, a fin de detectalas nas súas diversas modalidades, particularmente en condutas que poden dar lugar o seu encadramento como delitos contra a liberdade sexual en todos os seus ámbitos e en particular delitos cometidos por razón de xénero nas redes sociais.

Nº ESTIMADO DE PERSOAS BENEFICIARIAS:

Alumnado de 12-16 anos do Concello de Cedeira, que se atope cursando dende o 5º ou o 6º curso de educación primaria ata 4º da ESO.

Plantéxanse un total de 2 talleres formativos, 1 no centro de educación primaria e outro no centro de educación secundaria se ven poden ser ampliados en atención ós cursos que estean interesados na formación.

O número de alumnos por taller oscilará entre 50-60, adaptándonos sempre ás necesidades do centro.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES PREVISTO (lugar e datas ou períodos de realización)

As actividades formativas impartiranse nos centros que así o soliciten, tendo en conta o seguinte calendario, que pode ser susceptible de modificación por necesidades dos centros ou



**ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DE
FERROL**

dos formadores.

O calendario proposto é o seguinte:

Venres **	10:00 CEIP NICOLÁS DO RIO	12:30 IES PUNTA CANDIEIRA
-----------	---------------------------	---------------------------

Cada un dos talleres terá unha duración de 90 minutos, os cales serán, 60 minutos de exposición de contidos por parte dos formadores e 30 minutos de preguntas ou aclaracións.

Para facilitar a organización do equipo formador, expónse que os talleres formativos terán lugar un día á semana, primeiro no CEIP (Alumnado de Primaria) e despois no IES (Alumnado de Secundaria). O contido dos talleres non é o mesmo para alumnos de primaria que para alumnado de secundaria.

Os talleres serán impartidos por un equipo formado por dúas persoas, profesionais da avogacía, con ampla experiencia tanto en formación, como en Violencia de Xénero.

A documentación de apoio será elaborada polo equipo formador e precísase que por parte dos centros educativos dispoñan de aula ou salón de actos para a impartición dos talleres, proxector de imaxes e ordenador, así como equipo de son (altofalantes no ordenador, micrófonos para os relatores, etc.).

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE: (anos de desenvolvemento da actividade, evolución da mesma...)

Pola experiencia do Colexio de Abogados de Ferrol, as xornadas ten un impacto moi positivo na comunidade educativa, os centros adheridos doutros concellos manifestaron o seu interese en continuar coas charlas formativas, pois apreciaron un gran impacto nos mozos e mozas e nenos e nenas participantes nelas.

Estas actividades fomentan nos rapaces e rapazas unha educación en igualdade e aseguraran o coñecemento das consecuencias que poden ter os seus actos, tanto fronte ao resto de alumnos como fronte a terceiras persoas fora do seu círculo máis íntimo, nas redes sociais, etc.



**ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS
DE
FERROL**

Como métodos de avaliación da actividade formativa contamos con os seguintes:

Avaliación feita polos relatores no curso dos talleres, que inician explicando os conceptos claves e despois incitan a participación para comprobar se os conceptos básicos quedaron claros.

Avaliación ao final do taller: O colexio de avogados remite unha breve enquisa de satisfacción aos profesores implicados para valorar o comportamento dos alumnos, as súas impresións sobre a utilidade ou importancia da materia recibida, así como o posible cambio de conductas do alumnado tras os talleres.

Cedeira, 10 de Novembro de 2025